

## ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VILARMAIOR PARA A REHABILITACIÓN E ADECUACIÓN DE FONTE E LAVADOIRO DE VILABOA

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Vilarmaior o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que esta addenda ten por obxecto modificar a cláusula oitava do convenio "Xustificación de fondos e pagamento".

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** O 24 de xullo de 2025 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilarmaior para a rehabilitación e adecuación de fonte e lavadoiro de Vilaboa.

**Segundo.-** Na cláusula terceira dispónse que se considerarán subvencionables os gastos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Así mesmo, na cláusula oitava establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 31 de outubro de 2025.

**Terceiro.-** O 15 de outubro de 2025 o Concello de Vilarmaior solicita unha ampliación do prazo de xustificación establecido no convenio ata o día 30 de novembro de 2025, debido a que o contrato para a execución da obra foi adxudicado o día 31 de xullo de 2025, e o contratista comunicou ao concello que necesita máis prazo para a súa finalización.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

